



 **Entrevistamos a...**



Mirta Sueiro
Nueva directora general

“Huyo del trabajo rutinario y me encantan los desafíos”

[Ler máis...](#)



Daniel Guzmán
Presidente del Grupo Nove

“No hay mayor ejemplo de economía circular que una aldea gallega”

[Ler máis...](#)

 **Editorial**



Javier Domínguez
Presidente de Sogama

“O imposto que impón”

[Ler máis...](#)

 **Mundo SOGAMA**

Máxima calidade para o compost industrial

Novas caracterizacións encargadas por Sogama a unha entidade externa e independente avalaron a boa calidade da materia orgánica entregada na planta de compostaxe industrial de Cerceda polos seis concellos



pioneiros no seu uso: Cerceda, A Laracha, Carballo, Cabana de Bergantiños, Santa Comba e Santiago de Compostela.

[Ler máis...](#)

 **Actualidade**



Visita ás obras da futura planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa e á nova planta de transferencia da Lama

Defensa da valorización enerxética no congreso "Urban Solutions"

[Ler máis...](#)

 **Multimedia**

Caderno Verde estrea contidos para todas as idades



Sabes que residuos depositar no contedor amarelo?

Dúas píldoras visuais para aforrar enerxía e alimentos!

[Ver máis...](#)

 **Eventos**

Visita da Asociación Española do Café e de Ecoval

Xornada técnica de Aeversu

[Máis eventos...](#)

 **Curiosidades**

Cargador universal para 2024

Teléfonos e tablets con etiqueta de reparabilidade

[Máis curiosidades...](#)

 **Receitario**



Que comes hoxe?

Coliflor dubarry

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



www.sogama.gal



Editorial



[Editorial en castelán](#)

O imposto que impón

A piques de concluír o ano, adentrarémonos en 2023 con esa sensación de incerteza que non nos abandonou en todos estes meses pasados. A invasión de Ucraína e a conseguinte inestabilidade xeopolítica parecen ter botado por terra moitas iniciativas que se pretendían levar a cabo en 2022, máxime nun momento no que a pandemia da COVID-19 nos daba un alívio e a economía recibía un sopro de aire fresco desde Europa cuns benditos fondos que axudarían ao continente a remontar. Pero, en pouco tempo, e sen menosprezar a gran axuda que estes fondos suporán para as economías dos Estados membros, o certo é que, nos últimos tempos, as circunstancias sobrevividas lastraron moitas ilusións e desgastaron unha poboación que, vítima da gran inflación, tivo que apertar de novo o cinto e facer números cada vez que ten que encher a cesta da compra, o depósito do seu vehículo ou simplemente quentarse no inverno. O desorbitado prezo da enerxía, dos materiais e dos combustibles supuxo un pau para moitos sectores. Por poñer un exemplo, Sogama pasará de pagar 14,7 millóns de euros en concepto de gas a 42,4 millóns o ano que vén, o que supón un incremento do 187%, o mesmo que rexerá no caso da subministración de materiais, cun prezo que escalará desde os 6,3M€ deste exercicio aos 18,2M€ do próximo. Pola súa banda, o transporte tampouco quedará inmune, xa que subirá nun 26,5% (desde os 16,9M€ aos 21,4M€). Isto quere dicir que o incremento dos custos relativos

unicamente a estes tres conceptos ascenderá a máis de 44M€. Ademais de todo iso, determinadas obras tiveron que licitarse de novo pola renuncia das adxudicatarias ante a escaseza de materiais e o elevado prezo dos servizos nun breve período de tempo, e, noutros casos, fixéronse axustes nos proxectos para garantir a súa viabilidade. Esta situación, á que non escapa ninguén, pon en serio risco a descarbonización de Europa ao terse visto obrigados algúns países a reactivar o consumo de combustibles fósiles. Pola súa banda, a industria da reciclaxe deu a voz de alarma porque os elevados custos enerxéticos resultan inasumibles para levar a cabo a súa actividade, e, por se fora pouco, á pesada carga que deben soportar industrias e familias, o goberno central regalános un novo imposto na xestión e tratamento dos residuos que, coma sempre, recaerá no cidadán. Refírome ao imposto á valorización enerxética, malia atoparse dentro da xerarquía de xestión estipulada por Europa, despois da reciclaxe e antes do vertedoiro, coa particularidade de que contribúe a paliar o déficit enerxético coa produción de electricidade, limpa e respectuosa co medio ambiente e a saúde, a partir daqueles residuos que non poden ser reciclados e que, doutra forma, acabarían depositados en vertedoiro, a peor das opcións. Aínda que a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia opúxose a estes tributos estatais e presentou as correspondentes

alegacións, os impostos seguiron o seu curso e a súa aplicación comezará o 1 de xaneiro de 2023. Mentres os países escandinavos, tal e como asegura Aeversu (Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos), queren eliminar o imposto sobre a incineración, o goberno de España decide aplicalo no peor momento, supoñendo para os cidadáns de Galicia un impacto de máis de 13M€, xa que a recadación sairá dos seus petos. Se o Estado impulsase a valorización enerxética en España, esta suporía unha axuda para paliar a actual crise enerxética. Neste sentido, Aeversu indica que, se os 12 millóns de toneladas de residuos que acaban enterradas en vertedoiro no noso país se valorizasen enerxeticamente, a enerxía que se podería obter a partir destes residuos sería de, aproximadamente, 7.800 GWh/ano, o equivalente ás necesidades de 2,25 millóns de fogares ou ao consumo de 5,5 millóns de persoas. A sostibilidade debe entenderse en toda a súa amplitude: non significa tinguir de verde as decisións políticas, senón velar por que estas manteñan un equilibrio entre a protección ambiental, o crecemento económico e a cohesión social.

Presidente

Javier Domínguez Lino

🔄 Volver á portada

2



Entrevistamos a...



Mirta Sueiro Costoya

Directora general de Sogama

“A Sogama quero aportar mejora, crecimiento y afán de superación imparable”

Mirta Sueiro Costoya es, desde el pasado 24 de octubre, la nueva directora general de Sogama, sustituyendo en el cargo a Isidro García Téllez, que cesó en su puesto tras haberse acogido a la jubilación. Este cargo lleva asociadas responsabilidades en las áreas técnica, I+D+i, prevención de riesgos y recursos humanos, y depende orgánicamente de la presidencia ejecutiva de la compañía. Es, además, la primera mujer que asume la Dirección General de Sogama en los 30 años de vida de esta empresa pública.

A finales de octubre se hizo público su nombramiento al frente de la Dirección General de Sogama. ¿Cómo se siente al haberle confiado la compañía pública este cargo?

Me siento agradecida y afortunada por poder dar un paso más en mi carrera profesional; pero esta vez el sentimiento de satisfacción y orgullo es doble, pues ha sido Galicia, mi tierra, la que ha confiado en mí para hacer frente a este importante y bonito desafío.

Como persona a la que le gustan los retos, afronto esta nueva etapa con muchas ganas e ilusión pero también con la prudencia y responsabilidad que exige estar al frente de una actividad crítica como es el cuidado del medio ambiente. Tengo muy claro que la sostenibilidad ya no es una moda, sino una necesidad acuciante. Sogama tiene un papel clave en Galicia y como tal, sé que no les puedo fallar.

Con un extraordinario currículum académico y una excelente trayectoria profesional en Enagás, primero en Barcelona y luego en Madrid, decidió regresar

a Galicia para acometer un nuevo reto profesional. ¿Qué quiere aportar a la Sociedade Galega do Medio Ambiente?

No me importa decir que soy una persona ambiciosa, la ambición es buena siempre y cuando se ejerza con humildad. Me gusta estar en constante crecimiento y me gusta que todo y todas las personas que me rodean, crezcan. Esta es una de las cosas que quiero aportar a Sogama: mejora, crecimiento y afán de superación imparable.

Por otro lado, pretendo aportar un liderazgo holístico y regenerador que se materialice en una estrategia clara, medible y en nuevas formas de trabajo ágiles.

Y por último, pretendo apoyar una cultura corporativa abierta a la colaboración, que ponga en el centro al ciudadano gallego.

Todos ellos aspectos clave para poder acelerar la transición hacia la sostenibilidad.

¿Cómo se autodefiniría, tanto desde la dimensión profesional como personal?

En el plano profesional me defino como una entusiasta de la

“Me gusta estar en constante crecimiento y que todo, y todas las personas que me rodean, crezcan. Pretendo apoyar una cultura corporativa abierta a la colaboración, que ponga en el centro al ciudadano gallego.”

transformación y de la mejora continua en las organizaciones, a la que no le gusta limitarse a un único campo de actuación. Intento tener un perfil transversal y una visión global que me permitan mejorar cualquier negocio e impulsar su crecimiento. No busco saberlo todo, busco ser capaz de aprenderlo

🔄 **Volver á portada**

3



Entrevistamos a...



La nueva directora general depende de la presidencia ejecutiva de Sogama, que ostenta, desde 2015, Javier Domínguez Lino.

todo y estar a la vanguardia. Huyó del trabajo rutinario y me encantan los desafíos.

En el plano personal, soy una persona humilde, de orígenes humildes, que lucha por sus ideales, justa, honesta y respetuosa con los demás, aunque quizá demasiado directa. Tengo una clara vocación de servicio y me gusta llevarme bien con las personas. Mi familia es mi prioridad número 1 y todo mi tiempo libre va dedicado a ellos.

De todas sus cualidades profesionales, que son muchas, se destaca su alta capacidad para liderar equipos. ¿Es así?

No sé si alta, esto quizá no debería de decirlo yo. Lo que sí tengo claro es que tengo una clara vocación por unir y direccionar esfuerzos y por desarrollar a las personas que trabajan conmigo a través de un liderazgo colaborativo e integrador. Disfruto con los resultados que consigue el equipo, pero también disfruto viendo cómo cada persona desarrolla todo su potencial.

Es la primera mujer que asume la Dirección General de Sogama en los 30 años de vida de esta empresa pública. ¿Cuál es su valoración al respecto?

Creo que es una buena noticia para mí, pero también para el resto de mujeres y un síntoma claro de que las cosas están cambiando. Afortunadamente, en mi experiencia y aún trabajando con equipos formados mayoritariamente por hombres, nunca he sentido un trato distinto por ser mujer, pero eso no quita que sea plenamente consciente de que todavía existen entornos donde esto ocurre. Dicen que la unión hace la fuerza y que poco a poco conquistaremos la igualdad. Mientras tanto, empezamos a creernos de verdad que en la diversidad está la clave, que nosotras no somos menos y que el rol de la mujer es clave para conseguir los objetivos que perseguimos como humanidad. Yo por mi parte, me comprometo a seguir impulsando el liderazgo de la mujer, tal y como venía haciendo (participación en

Progresar Mujer Esade, foro de ingenieras USC, mentora,...) y a dar visibilidad a muchas de las referentes que ya existen.

Galicia está haciendo un gran esfuerzo para alcanzar los objetivos europeos de reciclaje. ¿Estamos en el buen camino? ¿Lo ve factible?

Estamos en el buen camino, pero debemos realizar un esfuerzo todavía mayor. Este esfuerzo implica a todos los eslabones de la cadena (ciudadanos, administraciones, empresas de recogida, de gestión de residuos, etc).

En Sogama ya estamos haciendo los deberes. Entre este año y el próximo invertiremos más de 40 millones de euros en la construcción y puesta en marcha de una red de infraestructuras orientada a la valorización de la materia orgánica, que estará conformada por tres nuevas plantas de biorresiduos (Cervo, en la provincia de Lugo; Vilanova de Arousa, en la de Pontevedra; y Verín, en la provincia de Ourense), que se sumarán a la de Cerceda,

🔍 Volver á portada

4



Entrevistamos a...

en A Coruña, ya en funcionamiento. A su vez, estas instalaciones estarán apoyadas por 13 plantas de transferencia que dispondrán de un punto de trasvase independiente para la materia orgánica, propiciando de esta forma que sea transportada, en las mejores condiciones, hasta la planta de biorresiduos más cercana para su conversión en compost. Con esta infraestructura posibilitaremos que la mayor parte de los ayuntamientos adheridos a Sogama dispongan de una planta de biorresiduos o de transferencia a menos de 50 km de distancia. Pero, más allá de la dotación de medios materiales, de forma paralela seguiremos avanzando

en las campañas de formación y concienciación social para que la ciudadanía incorpore a su vida cotidiana el principio europeo de las tres erres, es decir, que reduzca la producción de residuos en origen, que reutilice al máximo los productos hasta agotar su vida útil, y que separe convenientemente los desechos por tipos de material, depositándolos en el contenedor correspondiente. Solo así se garantizará su posterior reciclado o, lo que es lo mismo, su transformación en nuevas materias primas a partir de las cuales se fabricarán nuevos productos, cerrando de esta forma el círculo de la economía circular.

“Creo que es una buena noticia para mí ser la primera directora general de Sogama, pero también para el resto de mujeres y un síntoma claro de que las cosas están cambiando.”



PERFIL PROFESIONAL

Ingeniera Técnica Industrial por la Universidad de Vigo e Ingeniera Química por la de Santiago de Compostela, con Premio Extraordinario Fin de Carrera en ambas titulaciones, así como premio al mejor Proyecto Final de Carrera, su exhaustivo currículum académico se refuerza con un Máster de Instrumentación y Control ISA-REPSOL, por el Centro Superior de Formación de Repsol Madrid, y un Máster en Gestión Empresarial por la Universidad Autónoma de Barcelona. También ha participado en el Programa Multicompañía-Transforma para incorporar talento joven a Comités de Dirección, así como en el Programa Ejecutivo para Líderes Emergentes ESADE Proyecto Progresar.

A pesar de su juventud, cuenta con una dilatada experiencia profesional en ENAGAS, referente internacional en el desarrollo, operación y mantenimiento de infraestructuras energéticas, donde asumió distintos puestos: desde los de carácter más técnico (gestión de activos, ingeniería y construcción) hasta los más comerciales y de desarrollo de regulación en el sector energético, circunstancia que evidencia su versatilidad y gran capacidad de adaptación a distintos cometidos.

El último cargo que desempeñó antes de su incorporación a Sogama fue el de Responsable del Programa de Transformación Digital “ALFIL”, dentro de la Dirección General de Infraestructuras de ENAGAS. Asimismo, ha participado en distintos grupos de trabajo, tanto europeos como internacionales, vinculados al medio ambiente y la sostenibilidad.



Entrevistamos a...



Daniel Guzmán

Presidente del Grupo Nove



“Estamos en el buen camino para reducir el desperdicio alimentario”

Un tercio de los alimentos que se producen en el mundo para consumo humano, 1.300 millones de toneladas anuales, acaban en la basura con serias consecuencias ambientales, económicas y sociales. En nuestros hogares somos responsables del 42% de ese total, la fabricación del 39%, un 5% la distribución y la restauración del 14%. Aprovechamos nuestra entrevista con Daniel Guzmán, actual presidente del Grupo Nove, para hablar de su filosofía y de turismo gastronómico y también de la responsabilidad ambiental tras los fogones.

¿Qué es la Agrupación Nove, cuál es su filosofía y cómo se gestó?

Es un grupo de cocineros y cocineras gallegos que surge de la necesidad de poner en valor nuestro territorio y el valor gastronómico que atesora. Lo fundan nueve profesionales del sector que consideran la importancia de unirse para dar visibilidad a una nueva manera de entender la gastronomía sin perder el foco en los pilares fundamentales: productos, productores, territorio, saber hacer,...

¿Cuántos cocineros forman parte de esta entidad y qué tipo de cocina prevalece en la misma?

Con las nuevas incorporaciones somos 28 integrantes y a todos nos une una manera especial de entender nuestro entorno. Obviamente, es un grupo muy heterogéneo y las filosofías de negocio son diferentes, cada uno con su personalidad propia, pero los puntos en común son los que comentaba anteriormente. Cada uno intenta “escuchar” el territorio

que le rodea e interpretarlo de la manera más respetuosa, creativa y atractiva hacia el cliente.

¿Qué quiere aportar Nove a la cultura, a la gastronomía y al producto gallego?

Partimos de la base de que la comida es cultura, con lo que todo va de la mano. Intentamos, desde la humildad de sentirnos artesanos, dar a conocer los valores de una tierra que siempre estuvo ligada a lo que sucede alrededor de una mesa. Al producto intentamos mimarlo, ensalzarlo y elevarlo. Al final es un hecho que uno de los activos de Galicia es la gastronomía y, si me preguntas a mí, una de las mejores maneras de conocer un territorio además de la arquitectura, el idioma, el arte o el folclore es, sin dudar, comérsela a bocados.

Muchos de los principios que guían la actividad de Nove están estrechamente vinculados a la protección del medio ambiente, la responsabilidad con el entorno, el

“Todos los integrantes del Grupo Nove intentamos “escuchar” el territorio que nos rodea e interpretarlo de la manera más respetuosa, creativa y atractiva hacia el cliente.”

respeto al producto, la economía circular, es definitiva, el grupo pretende divulgar una cocina que apueste por la sostenibilidad. ¿Cómo canalizan este compromiso? Obviamente, son conceptos relativamente nuevos. Una vez que conseguimos situar a nuestra

[Volver á portada](#)

6

Entrevistamos a...

“No hay mayor ejemplo de economía circular que una pequeña aldea gallega, donde el aprovechamiento de los recursos y la responsabilidad de preservarlos era el día a día.”

tierra en el mapa, empiezan a surgir nuevas inquietudes, y estas que me comentas son fundamentales en el presente del grupo.

El ser conscientes del suelo que pisamos, el entender que nuestras acciones tienen repercusión medioambiental es el primer paso

para generar el menor impacto posible. Como digo muchas veces no hay mayor ejemplo de economía circular que una pequeña aldea gallega en donde se criaron nuestros padres y abuelos, donde el aprovechamiento de los recursos y la responsabilidad de preservarlos era el día a día. No estamos descubriendo nada, solo estamos reinterpretando el entorno.

Reducir el desperdicio alimentario es uno de los grandes retos en la cadena de la alimentación, desde el cultivo de los productos hasta el consumo final. ¿Están concienciados los restaurantes con la necesidad de disminuir las cantidades de comida que acaban en el cubo de la basura y ponen los medios para ello?

Este es el camino que nos queda por recorrer. Honestamente creo que estamos en el buen camino porque muchos de estos procesos ya los realizamos de manera natural.

Siempre se busca una segunda vida al género, siempre hay procesos que surgen del aprovechamiento, siempre hay subproductos resultantes de la aplicación de la lógica y la técnica. Obviamente, hay margen de mejora y estamos concienciados para ser cada vez un poquito más respetuosos con lo que nos rodea.

Uno de los proyectos que promueven es el de las denominadas Rutas Nove, en donde podemos encontrar Rutas Luxo, Rutas Bienestar y Rutas Natureza. Háblenos de ellas.

Al final se trata de vertebrar un discurso. Galicia está plagada de rutas: de peregrinos, gastronómicas, fluviales, artísticas,... Las Rutas Nove se basan en utilizar esos caminos existentes para brindar a los que nos visitan diferentes opciones para disfrutar de nuestra tierra, con la gastronomía como protagonista pero con el resto de atractivos como compañeros de viaje.



PERFIL PROFESIONAL

Daniel Guzmán siempre ha estado vinculado a los fogones, tanto por gusto personal como a través de grandes cocineros en el seno de su familia, como su padre Tito Guzmán o su hermano Óscar. Empezó recorriendo restaurantes de la costa catalana para después volver a la capital ourensana a trabajar en negocios locales como A Rexidora, con Javier González. También formó parte del equipo de Marcelo Tejedor e Iván Domínguez, en Santiago de Compostela, además de dedicarse a la docencia y a la grabación del programa “Ata a Cociña!” de una conocida cadena de televisión gallega. En 2012 abre Nova junto con su primo Julio Sotomayor, un restaurante ubicado en su ciudad natal con un único protagonista, el producto.



Mundo SOGAMA

A calidade da materia orgánica entregada a Sogama acada o 96 - 99% de calidade

Estes datos evidencian o extraordinario traballo que están a levar a cabo os primeiros seis concellos en implantar o contedor marrón e a gran colaboración da cidadanía



As mostraxes realizáronse na planta de compostaxe industrial de Cerceda.

Novas caracterizacións encargadas por Sogama a unha entidade externa e independente avalaron a boa calidade da materia orgánica entregada na planta de compostaxe industrial polos primeiros seis concellos que, a día de hoxe, están a facer uso da mesma. É o caso de Cerceda, A Laracha, Carballo, Cabana de Bergantiños, Santa Comba e Santiago, que se adheriu este outono. Os resultados das mostraxes realizadas na instalación arrojan unha media de residuos propios, é dicir, aqueles que deben depositarse no contedor marrón

(orgánicos e asimilables), próxima ao 96%. No caso de Santiago, os datos son aínda mellores xa que a primeira entrega de materia orgánica rozou a máxima calidade (99%). A taxa de impropios foi de tan só o 4 ou o 1%, respectivamente, e débese á presenza de bolsas plásticas non biodegradables ou a algún envase plástico. Estes datos evidencian o extraordinario traballo que están a levar a cabo os seis concellos, tanto a nivel de dotación de medios e recursos como desde a dimensión didáctica e divulgativa, desenvolvendo campañas de formación e concienciación

orientadas a motivar a participación da veciñanza no sistema.

Felicitación

O presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, mostrou a súa satisfacción pola valentía destes municipios ao ser líderes en implantar a recollida diferenciada da materia orgánica a través do contedor marrón. Tras a adhesión de Santiago de Compostela, Domínguez Lino tamén aproveitou para animar a todos os municipios próximos á planta de compostaxe industrial de Cerceda a que sigan o seu exemplo.



Actualidade

Avanzan a bo ritmo as obras da futura planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa

O presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, acompañado polo alcalde, Gonzalo Durán, achegouse á parcela situada no polígono industrial de Baión



A instalación, adxudicada por 15,1M€, estará culminada no terceiro trimestre de 2023 e dará servizo a 26 concellos.

O presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, acompañado polo alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán, visitou o pasado 11 de novembro, no polígono industrial de Baión, as obras da futura planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa (Pontevedra). Alí puido comprobar de primeira man o movemento de terras realizado durante os últimos días pola UTE adxudicataria da obra e posta en marcha desta instalación por 15,1M€.

A planta levantarase sobre un terreo que ocupa sete parcelas -20.000

m²- polas que a empresa pública desembolsou 1,5M€. A previsión é que as obras estean finalizadas no terceiro trimestre de 2023 para dar servizo a 26 concellos, que suman un total de 326.846 habitantes. Con capacidade para xestionar 15.000 t/ano de materia orgánica e 7.000 toneladas de material estruturante, producirá ao redor de 6.000 t/ano de compost.

Energía solar

A enerxía necesaria para a operativa industrial procederá de fontes

renovables, fundamentalmente de paneis solares, contribuíndo con isto á loita contra o cambio climático e á redución da pegada de carbono. É preciso recordar que a planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa é unha das catro (unha por provincia) integradas na nova rede de valorización da materia orgánica deseñada pola Xunta. As outras tres son: Cerceda (A Coruña), xa operativa; Cervo (Lugo), cuxa construción estará culminada en decembro deste ano, e Verín (Ourense).



Actualidade

Visita á nova planta de transferencia da Lama

Adxudicada por máis de 1,8M€, estase a construír no polígono industrial de Racelo sobre unha parcela de 2.273 m²

Só uns días despois de achegarse a Vilanova de Arousa, o presidente executivo de Sogama supervisaba na Lama (Pontevedra) o avance das obras da nova planta de transferencia. Esta é outra das 17 instalacións que formarán parte da rede de infraestruturas promovida pola Xunta de Galicia para valorizar a materia orgánica procedente da recollida diferenciada do contedor marrón. A nova instalación substituirá á microplanta que, durante anos, operou neste municipio.

A obra, adxudicada por máis de 1,8M€, levántase no polígono industrial de Racelo sobre unha parcela de 2.273 m² e contará cunha superficie construída duns 600 m². Con capacidade para máis 5.000 toneladas anuais de residuos urbanos, poderá transvasar tanto os envases lixeiros (bolsa amarela) como a fracción resto (bolsa negra) e, no seu momento, a materia orgánica (FORSU) recollida de forma



A nova planta da Lama tamén dará servizo aos municipios Cerdedo-Cotobade, Fornelos de Montes e Ponte Caldelas.

diferenciada a través do contedor marrón, en proceso de implantación en Galicia.

Contará con depuradora de augas residuais, aparcadoiro de contedores, un edificio de oficina,

vestiario e almacén. Así mesmo, autoabastecerase con paneis solares. Ademais de dar servizo ao municipio da Lama, estará ao dispor dos concellos de Cerdedo-Cotobade, Fornelos de Montes e Ponte Caldelas.

Sogama reactiva o programa de formación presencial en centros educativos

Os propios colexios e institutos solicitan este servizo gratuíto para instruír ao alumnado e ao profesorado nas boas prácticas vinculadas á xestión sostible dos residuos

Coincidindo co inicio do curso académico 2022-2023, Sogama retomou o seu programa de formación presencial para impartir sesións sobre xestión sostible de residuos urbanos en centros de primaria, secundaria e Formación Profesional dos municipios adscritos ao seu sistema (295 en total). A día de hoxe, e a petición dos centros interesados, Sogama xa ten concertadas, para os próximos meses, citas nas catro provincias galegas. O pasado ano, e malia as restricións periódicas enmarcadas na pandemia da COVID-19, puido instruír presencialmente ao redor de 2.000 escolares.

Operativa

Previo adaptación a cada nivel educativo, persoal especializado instrúe ao alumnado e ao profesorado nas boas prácticas vinculadas á correcta xestión dos residuos, proporcionándolles as claves para aplicar cada día a estratexia dos tres erres ou fomentar o uso correcto dos contedores de recollida selectiva. Para facer máis amenas as sesións, ademais de empregar distintos instrumentos didácticos e divulgativos (presentacións, vídeos, etc), os educadores tamén se apoian en recursos lúdicos. Ante a próxima chegada do contedor marrón ás rúas, Sogama



As sesións formativas sempre se adaptan aos distintos niveis educativos.

xa está a introducir nas súas clases os pormenores deste recipiente destinado a acoller a materia orgánica para transformala en compost.

🔄 **Volver á portada**

10



Actualidade

O barrio ferrolá de Canido coloca catro composteiros de Sogama na horta comunitaria para producir compost

A Pobra do Caramiñal é outra das novas entidades que se adscribiu ao programa de compostaxe doméstica, que se ampliou na Estrada, Sanxenxo, Vedra e na Federación de Asociacións Veciñais "Lucus Augusti"

Entre as novas entidades que este outono se adheriron ao programa de compostaxe doméstica de Sogama están o concello da Pobra do Caramiñal, con 30 familias, e a Asociación Veciñal de Canido á que se lle entregaron catro. Con capacidade para 400 litros, e fabricados con materiais reciclados e reciclables, foron colocados na horta comunitaria urbana coa que conta o barrio ferrolá.

Máis aló do cultivo de produtos de tempada, a horta desempeña unha función terapéutica e de integración social, fomentando a alimentación sa e saudable, así coma o consumo de quilómetro cero. Un fin moi en liña cos propios obxectivos do programa de compostaxe doméstica de Sogama que achega importantes beneficios ambientais, económicos e sociais. Nestes pasados meses, tamén se sumaron a esta iniciativa 100 novas vivendas de Sanxenxo con horta, xardín ou terra de cultivo (no



O compost resultante é un abono de gran calidade para os cultivos.

que aplicar o compost resultante), outras 150 na Estrada (Pontevedra) e 50 en Vedra (A Coruña), así como 150 familias vinculadas á Federación de Asociacións Veciñais "Lucus Augusti" (Lugo) ás que tamén se lles entregou un cubo domiciliario para facilitar o transporte de residuos ata os composteiros.

Dúbdidas sempre resoltas

Os usuarios poden resolver as súas dúbidas a través dos manuais didácticos de apoio que lles achega Sogama e nos cursos de formación presenciais impartidos polo persoal técnico da empresa pública.

Domínguez Lino defende a valorización enerxética dos residuos non reciclables no congreso "Urban Solutions"

O evento sectorial foi organizado por CLUERGAL, e dirixido por Roberto Carlos González, no Círculo de Empresarios de Vigo

O presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, participou no "Simposium Urban Solutions", que se celebrou no Círculo de Empresarios de Vigo os días 20, 21 e 22 do pasado mes de setembro.

Organizado por CLUERGAL (Clúster das Enerxías Renovables de Galicia) e dirixido por Roberto Carlos González, con este evento,

ao que asistiron ao redor de 200 profesionais, puxéronse en valor sectores tan importantes para o desenvolvemento de cidades sostibles como é o caso da enerxía, a iluminación, a mobilidade e as infraestruturas urbanas, dando a coñecer as mellores solucións para as urbes do presente e do futuro.



Domínguez Lino participou na mesa redonda "Cidades, Enerxías Renovables, Seguridade e Medio Ambiente".

A intervención do máximo responsable de Sogama, que levou por título "Contribución de Waste-to-Energy (WtE) á redución do impacto da actual crise enerxética", tivo lugar na segunda xornada do simposium no marco da mesa redonda "Cidades, Enerxías Renovables, Seguridade e Medio Ambiente".

🔍 [Volver á portada](#)

11



Actualidade

Os colexios de “Recíclate con Sogama” 2022-2023 emprenden o camiño da xestión responsable dos residuos

Dos 20 centros seleccionados, 7 pertencen á provincia de Pontevedra, 6 á de Ourense, 5 á provincia de Lugo e 2 á da Coruña

Unha vintena de centros escolares de primaria das catro provincias galegas foron seleccionados para participar este curso académico no programa “Recíclate con Sogama” 2022-2023, cuxo obxectivo é promover a reciclaxe nos propios centros educativos e propiciar a práctica da estratexia dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).

Son:

- Provincia de Pontevedra (7 centros): CEIP de Mosteiro-Bembrive e CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro (ambos de Vigo); CEIP de Lourido (Poio); CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón (Salvaterra de Miño); CEIP Plurilingüe Antonio Palacios (O Porriño); CEIP Marquesa do Pazo da Mercé (As Neves); e CEIP Plurilingüe de Baño-Xanza (Valga).
- Provincia de Ourense (6 centros): CEIP Virxe da Pena da Sela (O Irixo); CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso (Pobra de Trives); CEIP Nosa Señora de Xuvencos (Boborás); CEIP Manuel Respino (A Rúa); CPR Plurilingüe Divina Pastora (Ourense); e CPR Plurilingüe María Inmaculada (Verín).
- Provincia de Lugo (5 centros): CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga (Guitiriz); CEIP Menéndez Pelayo (Lugo); CEIP Ramón Falcón (Castro de Rei); CEIP Plurilingüe de Xermade (Xermade); e CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán (Xove).
- Provincia da Coruña (2 centros): CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira (Ferrol) e CEIP O Areal (Camariñas).



O colexio CPR Plurilingüe Divina Pastora (Ourense) repite nesta edición.

Cinco fases

Ata finalizar o curso e antes de entregar a memoria de iniciativas, hai varios fitos que todos os equipos deberán ir cumprindo. Tras a primeira fase de presentación e coñecemento, nestas semanas de outono, Sogama subministrou aos colexios material didáctico e divulgativo, as illas de reciclaxe e a aqueles centros con comedor, tamén un composteiro. En xaneiro de 2023, á volta das vacacións do Nadal, os monitores viaxarán de novo a cada colexio

para impartir sesións formativas presenciais. Despois, á altura do mes de marzo, regresarán para constatar a evolución dos proxectos, corrir ou reconducir posibles erros, así como para impartir talleres e animar aos rapaces a compartir os seus coñecementos coas súas familias e amigos.

Xa cara ao mes de maio, e coincidindo coa última visita, procederase á caracterización dos contedores. Os resultados desta mostraxe computarán na avaliación final dos vinte proxectos.



Actualidade

Aeversu pide unha moratoria ao imposto estatal que gravará a valorización enerxética

Pon como exemplo a Suecia e a Noruega, que queren eliminar o imposto sobre a incineración, pretendendo con isto producir máis electricidade, non depender dos combustibles fósiles e reducir o vertido



Aeversu, a Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos, demanda unha moratoria ao imposto estatal que gravará a valorización enerxética e que se manteña só o do vertedoiro. A entidade pon como exemplo a Suecia e a Noruega, que queren eliminar o imposto sobre a incineración, pretendendo con isto producir máis electricidade, non depender dos combustibles fósiles e reducir o vertido.

A conversión en enerxía dos residuos non reciclables grazas á valorización implica a xeración de enerxía barata, autóctona, fiable e neutra. No contexto do continente, e segundo datos da Comisión Europea, 52 millóns de toneladas de

residuos urbanos europeos foron a parar a vertedoiros en 2020, cifra que conleva importantes emisións de gases metano. En España, tal e como recordan desde Aeversu: "somos o país da UE que máis residuos destina a enterramento en vertedoiro, cada ano máis de 11,8 millóns de toneladas, e non se está a ter en conta o importante potencial da valorización enerxética para solucionar a crise enerxética". A enerxía que se podería obter destes preto de 12 millóns de toneladas de residuos que se depositan en vertedoiro en España sería de, aproximadamente, 7.800 GWh/ano,

Aeversu apoia a visión dos países escandinavos para a eliminación dos impostos directos sobre a incineración de residuos.

o equivalente ás necesidades de 2,25 millóns de fogares. En termos económicos, baseándose en cálculos realizados por Aeversu, o prezo medio da enerxía en 2022 foi de 232,46€/MWh, isto suporía que o valor de mercado desa enerxía que se desperdicia nos vertedoiros sería de aproximadamente 1.808M€/ano.

A Alianza Galega polo Clima é recoñecida polas súas accións pola sostibilidade ambiental e social

Recibiu un dos galardóns da "Sustainability Action 2022"

A Alianza Galega polo Clima, impulsada o pasado mes de xuño pola Xunta de Galicia, recibiu o recoñecemento como unha das mellores "Sustainability Action 2022" de impacto ambiental e social dentro do marco do Sustainability Day 2, celebrado o pasado 18 de outubro no Museo Reina Sofía de Madrid. A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio

Climático, Sagrario Pérez, recolleu o galardón durante esta xornada dedicada a compartir experiencias no ámbito da sostibilidade. Ademais, agradeceu que "se recoñeza o esforzo do goberno galego para que o sector público e privado traballen xuntos" e para que compartan a mesma filosofía de "deixar unha Galicia mellor ás próximas xeracións". A Alianza Galega polo Clima xa

A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Sagrario Pérez, recolleu o premio.

conta con 30 entidades rexistradas como universidades, empresas e entidades deportivas que manifestaron asumir as liñas estratéxicas marcadas polo Goberno galego en material ambiental.



🔍 [Volver á portada](#)

13



Actualidade

A coruñesa Mirta Sueiro Costoya asumiu a Dirección Xeral de Sogama a finais de outubro

É a primeira muller que desempeña este cargo nos 30 anos de vida da sociedade

A coruñesa Mirta Sueiro Costoya é, desde o pasado 24 de outubro, a nova directora xeral de Sogama, substituindo no cargo a Isidro García Téllez, que cesou no seu posto tras acollerse á xubilación. Enxeñeira Técnica Industrial e Enxeñeira Química, malia a súa xuventude, conta cun exhaustivo currículo académico e altas capacidades contrastadas na compañía Enagás, onde exerceu diferentes cargos ata o seu nomeamento ao fronte desta empresa pública. Entusiasta, comprometida, valente e con gran capacidade de liderado, tras case 11 anos de estancia en Barcelona e Madrid, cidades nas que desenvolveu parte da súa carreira profesional, regresa a Galicia para compartir o seu coñecemento, bagaxe, talento e experiencia. Mirta Sueiro é a primeira muller que asume a Dirección Xeral de Sogama nos 30 anos de vida desta



A nova directora xeral de Sogama asumiu o cargo o pasado 24 de outubro.

sociedade. Ela é o fiel reflexo da aposta da Xunta de Galicia e de Naturgy, entidades que conforman o accionariado da Sociedade

Galega do Medio Ambiente, pola igualdade de oportunidades e o empuxe das mulleres cara a postos de alta dirección.

Ampliación de espazo na Terminal de Contedores do Porto de Vigo

A mellora en Guixar é froito dun acordo entre Sogama e Transglobal para modificar os accesos á planta de transferencia que dá servizo á cidade



A Terminal de Contedores do Porto de Vigo vai optimizar o espazo de almacenamento grazas ao acordo alcanzado entre Sogama e Transglobal, empresa especializada en loxística marítima e portuaria pertencente ao Grupo Davila. Froito deste acordo, modificáronse os accesos á planta de transferencia de Vigo, para conectar a parcela que o Grupo Davila ocupa nos terreos de ADIF mediante unha concesión administrativa, coas instalacións portuarias, co obxectivo de poder dedicar esta zona a almacenamento

de contedores marítimos. Para lograr este obxectivo, recolocouse a báscula existente nas inmediacións da planta, antes situada entre a nave e o acceso, xa que non era compatible co xiro que deben realizar os camións para acceder ás instalacións desde a zona sur da parcela. Xunto coa realización desta obra, procedeuse a substituír os postes de pesaxe por outros novos, o sistema de control de báscula e o cableado entre os equipos de pesada e as

O presidente de Sogama visitou a planta de Guixar xunto co máximo responsable do Porto de Vigo, Jesús Vázquez Almuíña.

oficinas da planta de transferencia. Así mesmo, complementouse a instalación de alumeado exterior con novos proxectores que achegan un bo grao de iluminación á zona de pesaxe. De igual forma, procedeuse a sinalizar convenientemente a zona para ordenar o tráfico.

🔄 **Volver á portada**

14



Actualidade

A Mariña lucense foi o epicentro da Semana Europea da Prevención de Residuos 2022

A axenda de eventos institucionais puxo o foco na próxima implantación do contedor marrón na comarca e na operativa da futura planta de biorresiduos de Cervo

Da man de Sogama e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o contedor marrón para a materia orgánica foi o protagonista da Semana Europea da Prevención de Residuos 2022 na nosa comunidade e na Mariña lucense, comarca epicentro das conmemoracións.

Co lema "O marrón, o contedor que devolve vida", Sogama promoveu unha campaña nos 15 concellos que, en principio, farán uso da futura planta de biorresiduos de Cervo: Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, Ourense, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, ademais de Mañón e Cervo.

A fin de instruír aos representantes locais na normativa aplicable e procedemento a desenvolver, levouse a cabo unha xornada informativa e formativa o xoves, 24 de novembro, na Casa da Cultura de Cervo, que culminou cunha visita ás obras da futura planta de biorresiduos, unha das catro que operarán en Galicia. En paralelo, tamén se impartiron sesións formativas en preto de corenta centros escolares.



O quinto contedor, de cor marrón, está concibido para recoller de forma diferenciada a materia orgánica contida nos residuos municipais.



Multimedia

Novos contidos de Caderno Verde para primaria, infantil e secundaria

Brais, Aloia, Tomé, Mireia, o avó Celso e o can Cirilo, a panda dos "Amigos de Vilaverde", regresaron ás aulas e aos fogares dos escolares con novos contidos, novos enfoques temáticos e novas aventuras ambientais na plataforma educativa de Sogama www.cadernoverde.gal.

Sopas de letras, exercicios de completar, de identificar verdadeiro/falso, de unir con frechas e de resolver crucigramas son algunhas das tarefas interactivas coas que os escolares de primaria poden aprender a protexer o medio ambiente dunha forma amena e divertida, e afianzar os coñecementos adquiridos. Pola



súa banda, os pequenos de infantil poden gozar aprendendo cos ecocontos da Familia Trebón. Os contidos propios de educación secundaria comezaron a traballarse o pasado curso a través dunha unidade didáctica específica denominada "O secreto de Caderno Verde" e que convida á reflexión e á toma de decisións desde o coñecemento e a responsabilidade ambiental.

Boas prácticas curriculares

A principal característica da plataforma www.cadernoverde.gal é o enfoque transversal das boas prácticas ambientais nas distintas materias de estudo que conforman o currículo académico, incluíndo actividades vinculadas ás Matemáticas, a Lingua Galega e Lingua Castelá, Inglés e Educación artística.

 [Acceso directo para aprender](#)

Javier Domínguez presenta a futura planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa

Javier Domínguez Lino, presidente executivo de Sogama, aproveitou a [visita ás obras](#) que se están levando a cabo na futura planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa (Pontevedra) para explicarnos en que consiste a actuación.



 [Escoitar aquí as declaracións](#)

 [Volver á portada](#)

16



Multimedia

Cousas que teñen toodo o sentido no contedor amarelo!

Cun pouco de humor e a ritmo dunha divertida canción italiana, neste vídeo recordamos que tipo de materiais podemos depositar no contedor amarelo.



[Ver o vídeo](#)

Como aforrar enerxía en 20 segundos

O 21 de outubro celebrouse o Día Mundial do Aforro de Enerxía, un tema de máxima actualidade este 2022 debido á suba do prezo da electricidade. Como cidadáns responsables coa saúde co Planeta, que cousas podemos facer para aforrar?

No vídeo damos diferentes ideas! Unha moi sinxela, de sentido común, esquecerse do *stand by* e desenchufar os aparatos que non usemos.




[Ver o vídeo para apuntar máis ideas](#)

Ti que fas para evitar o desperdicio alimentario?

Con motivo do Día Contra o Desperdicio Alimentario (29 de setembro), publicamos este vídeo curto para recordar que, se non tiramos alimentos ao lixo, axudamos ao medio ambiente, á sociedade e ao noso peto.

Tres ideas para poñernos de lado do consumo alimentario responsable:

1. Aforramos cartos e enerxía! O desperdicio alimentario equivale a máis de 914\$ mil millóns ao ano.
2. Axudamos a reducir a contaminación e o malgasto de recursos naturais como a auga ou a terra.
3. Damos exemplo creando conciencia á hora de mercar; elixindo só aqueles produtos que imos consumir.



[Ver o vídeo](#)

[Volver á portada](#)



Eventos



A Asociación Española do Café interésase pola clasificación de envases do modelo Sogama

A secretaria da entidade, Montserrat Prieto, acompañada por dúas representantes de Nestlé España, achegouse ao Complexo Medioambiental de Cerceda para

ver a operativa de separación automática dos envases contidos nas bolsas amarela e negra. Con carácter previo, o grupo mantivo unha xuntanza co

presidente executivo da Sociedade, Javier Domínguez, quen lles explicou os pormenores da actividade desta empresa pública e os principais fitos desde a súa creación, hai 30 anos.

Investigadores de ECOVAL coñecen a estratexia de tratamento da materia orgánica de Sogama

No marco do proxecto europeo ECOVAL, cofinanciado polo Programa Interreg Sudoe a través do FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), e no que participan, en calidade de socios, CETAQUA, a USC e FEUGA, representantes destas tres entidades visitaron as instalacións de Sogama a fin de coñecer de primeira man a actividade industrial desenvolvida nas mesmas, prestando especial atención ao tratamento específico da materia orgánica. O obxectivo de ECOVAL é obter bioproductos de alto valor engadido a partir de lodos de depuradora e biorresiduos urbanos.



Nesta liña, Javier Domínguez foi o encargado de explicar ao colectivo o labor industrial de Sogama, destacando os investimentos que

ten en marcha para valorizar a materia orgánica mediante a súa transformación en compost.

Eventos

Xornada técnica de Aeversu para mellorar a operativa das plantas de valorización enerxética

A principios de outubro pasado (días 5 e 6), Sogama foi a anfitrióna dunha xornada técnica centrada no mantemento e operación de plantas de valorización enerxética. Na mesma déronse cita membros dos departamentos técnicos de distintas plantas adscritas a Aeversu (Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos).

Alí estiveron responsables técnicos do grupos de Mantemento e Medio Ambiente de Trargisa (Xirona), UTE TEM (Mataró) e Sirusa (Tarragona); Tirme (Mallorca); Zabalgarbi (Bilbao); Remesa (Melilla); TirCantabria (Cantabria); e CTRASA (Andorra), ademais da propia Sogama. Nas sesións de traballo abordáronse, entre outras cuestións, a dixitalización do sector, as melloras

na eficiencia enerxética das plantas de valorización enerxética e na optimización da xestión de augas. Así mesmo, os participantes intercambiaron experiencias sobre a xestión que seguiron nas súas instalacións ante a escaseza de materiais e o incremento do prezo dos mesmos, especialmente no caso daqueles cualificados como "críticos".



O Complexo Medioambiental acolle a xuntanza anual de ASPLARSEM

Representantes de máis de 30 entidades de toda España adscritas á Asociación de Empresas de Recuperación e Selección de Envases Municipais (ASPLARSEM), visitaron a finais de novembro o Complexo Medioambiental de Cerceda para coñecer as últimas tecnoloxías na selección de residuos de envases. No percorrido guiado polo complexo, tiveron a oportunidade de ver a



planta de selección de envases procedentes da bolsa amarela e a de recuperación de materiais contidos no lixo en masa. Esta visita enmárcase na xornada que este

ano, e tras o parón obrigado pola pandemia, celebrou ASPLARSEM en Galicia baixo o lema "Produtividade, eficiencia e calidade da reciclaxe no ámbito da nova lexislación".

[⌂ Volver á portada](#)



Eventos

Empresas punteiras adheridas a Ecoembes, e asentadas en Galicia, coñecen o proceso de selección de envases en Sogama

Portavoces das firmas Calvo, Mercadona, Gadisa, Augas de Cabreiroá, Zelnova Zeltia, Nueva Pescanova e Inditex, todas empresas adheridas a Ecoembes, e asentadas en Galicia, tamén coñeceron *in situ* o proceso de selección de envases no modelo Sogama.

Durante a visita, tiveron a oportunidade de ver, por unha banda, a planta de clasificación de envases procedentes da recollida selectiva do contedor amarelo e, por outra, comprobaron de primeira man o funcionamento da planta de recuperación de materiais contidos no lixo en masa (contedor xenérico), que opera en liña coa industria 4.0. Con carácter previo, mantiveron un encontro co presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, que, ademais de explicarlles os pormenores da actividade industrial, puxo de relevo o incremento en máis dun 180%



desde 2008 a achega dos galegos á reciclaxe da bolsa amarela. Un esforzo, que recordou, pon a

Galicia no camiño para dar debido cumprimento aos obxectivos de reciclaxe establecidos pola UE.

ESGRA, a Asociación para a Xestión de Residuos en Portugal, interésase polo sistema Sogama

Os vicepresidentes desta organización, Cátia Borges e Carlos de Andrade Botelho, foron recibidos e atendidos polo presidente de Sogama, Javier Domínguez, con quen tiveron a oportunidade de intercambiar coñecementos e experiencias na materia. No transcurso da xuntanza, tamén abordaron outras cuestións vinculadas á innovación tecnolóxica ambiental, a dixitalización, a eficiencia e a loita contra o cambio climático a través da xestión sostible dos residuos municipais.



Curiosidades

ESWET pide á UE reafirmar o papel da valorización enerxética para a economía circular

A asociación de provedores europeos de tecnoloxía de conversión de residuos en enerxía (ESWET, pola siglas en inglés) considera que, no actual contexto de crise enerxética, é necesario maximizar o uso de todas as fontes limpas de enerxía, incluída a electricidade e a calor procedentes da valorización enerxética dos residuos non reciclables. A Comisión Europea recoñeceu en 2017 o papel da valorización enerxética, pero, a xuízo de ESWET, debe reafirmar o seu compromiso con este tratamento dada a elevada xeración de residuos. Aínda que pon de relevo as ambiciosas iniciativas propostas pola Comisión Europea, incide na necesidade de acelerar a revisión da Directiva Marco de Residuos, requirindo preservar a xerarquía de xestión de residuos existente; recoñecer a recuperación



de metais e minerais das cinzas como reciclaxe; apoiar aos estados membros no obxectivo de levar o vertido técnico cero en 2035; e reforzar o principio de quen contamina, paga.

Fonte e imaxe: ESWET

“Ti tes a receita para coidar o planeta”, lema da nova campaña de SIGRE

A pretensión desta campaña é transmitir ao cidadán que a súa colaboración resulta esencial para propiciar a reciclaxe dos medicamentos e os seus envases, e que como, grazas ao seu compromiso, contribúe a coidar da súa saúde e do planeta. É preciso recordar que a sensibilización cidadá constitúe un dos tres pilares básicos da actividade de SIGRE xunto co impulso do ecodeseño nos envases de medicamentos e o tratamento ambiental dos residuos. No primeiro semestre de 2022, os españois depositaron nos Punto SIGRE das farmacias un 8% máis de envases baleiros ou con restos de medicamentos respecto do mesmo período do ano anterior. Segundo datos da entidade, o 91% da poboación considera



prexudicial para a contorna tirar os medicamentos ao lixo ou polo desaugadoiro e o 97% é consciente de que o coidado do medio ambiente e o da saúde están estreitamente relacionados.

Fonte e imaxe: SIGRE



Curiosidades

Cargador universal para dispositivos móviles en 2024

Antes de que remate 2024, todos os teléfonos móviles, tabletas e cámaras que se vendan na UE deberán incorporar un porto de carga USB tipo C. Esta obrigación estenderase aos computadores portátiles a partir da primavera de 2026.

Así o aprobou o pleno do Parlamento Europeo, sendo o obxectivo desta medida reducir os

residuos electrónicos e informar os consumidores de maneira que poidan tomar decisións máis sostibles. Os datos de partida xustifican esta medida. Os cargadores que terminan no cubo do lixo ou nun caixón equivalen a unhas 11.000 toneladas de residuos electrónicos anuais na UE.



Fonte: Parlamento Europeo
Imaxe: Pixabay

5.300 millóns de teléfonos móviles converteranse en residuos

Os expertos estiman que uns 5.300 millóns de teléfonos móviles deixarán de usarse este ano e converteranse en residuos. Amontoados un enriba do outro, a unha profundidade media de 9 mm, os teléfonos en desuso elevaríanse aproximadamente 50.000 km, 120 veces máis que a Estación Espacial Internacional; un oitavo do camiño á Lúa.

Este dato foi dado a coñecer no marco do Día Internacional dos Residuos Electrónicos 2022 (14 de outubro), poñendo o foco no acaparamento dos moitos tipos de pequenos equipos sen usar ou ao final da súa vida útil a pesar de que conteñen materias primas de gran valor e, ás veces, escasas ou de difícil extracción. Ouro, cobre, prata, paladio e outros compoñentes reciclables, a maioría desaparecerán en caixóns, armarios, alacenas ou garaxes, ou



ben acabarán depositados nos contedores de lixo convencional. Os resultados das enquisas promovidas polos membros do WEEE Forum, promotores da efeméride,

indican que o fogar promedio contén 74 produtos electrónicos, dos cales 13 están a acumularse (situándose os teléfonos móviles en cuarta posición).

Fonte: WEEE FORUM
Imaxe: Pexels



Curiosidades

Cráterios científicos para marcar as datas de caducidade e de consumo preferente

A tecnoloxía ao servizo do medio ambiente. IRTA (Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias) puxo en marcha o proxecto BESTDATE, a partir do cal se desenvolverá unha ferramenta baseada en criterios científicos para que as empresas alimentarias e as autoridades competentes poidan establecer a data de consumo preferente ou a caducidade máis axeitada para cada alimento seguindo criterios científicos. Segundo a UE, a causa do 10% do desperdicio alimentario é



precisamente a marcaxe destas datas referentes para o consumidor, que fai que se descarten alimentos que aínda son aptos para o consumo. No ano 2020, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) fixo pública unha guía cos criterios para establecer a tipoloxía de data que corresponde a un alimento, pero, tal e como sinalan desde IRTA, "hai moitas empresas que descoñecen ou teñen dificultades

Fonte e imaxe: IRTA

para interpretala". Esta nova iniciativa TIC espérase que sexa de axuda para reducir o desperdicio alimentario, 88 millóns de toneladas anuais de alimentos -o equivalente a medio quilo por habitante e día só na Unión Europea.

España reduce o desperdicio alimentario un 8,6%

Conforme aos datos recollidos no Informe do Desperdicio Alimentario en España 2021, elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os españois tiraron ao lixo 1.245 millóns de quilos/litros de alimentos sen consumir, un 8,6% menos que o ano anterior. Isto supón unha media de 28,21 quilos/litros por habitante, a cifra máis baixa dos últimos cinco anos e 2,72 quilos/litros menos que en 2020.

O informe atribúe o descenso do desperdicio alimentario a un cambio de hábitos tras as restricións de 2020 debido á pandemia da COVID-19. Concluído o confinamento, cocíñase menos na casa (de feito, descendeu o volume de alimentos comprados para consumir no fogar nun 7,2%) e, ao longo de 2021, recuperouse o consumo.

Máis aló deste cambio de hábitos e unha crecente concienciación cidadá, o mellor aproveitamento dos alimentos explícase tamén



polo encarecemento destes como consecuencia da suba de prezos das materias primas e custos de produción, que fan que se valoren en maior medida.

Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Curiosidades


Impulsan a primeira etiqueta de reparabilidade para dispositivos móbiles

A Comisión Europea propuxo implantar unha etiqueta de reparabilidade e enerxética para os smartphones e tablets vendidos en Europa.

Esta conterá información sobre a duración da batería, a resistencia ás caídas accidentais e a protección contra o pó e a auga. A nova normativa tamén impondrá criterios de deseño que todos os teléfonos

do mercado da UE deberán cumprir. Con todo, unha nova puntuación de reparación dos dispositivos será a novidade máis visible para os consumidores.

Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pexels



A industria papeleira española reciclou en 2021 preto do 78% do papel consumido

Estes bos datos, recollidos na Actualización da Memoria de Sostibilidade do Papel, editada por ASPAPEL, indican que xa se supera en dous puntos o obxectivo europeo para 2030, recentemente fixado polo European Recycling Council.

En concreto, as fábricas papeleiras españolas reciclaron o pasado ano 5.354.800 toneladas de papel usado, cun incremento do 4,4%. España é o segundo país máis reciclador da UE en volume, superado só por Alemaña e practicamente empatado con Italia.



Fonte: Retema
Imaxe: Pexels

Curiosidades

Acción urxente para salvar os ODS

Segundo un novo informe das Nacións Unidas, a crise climática, a pandemia da COVID-19 e a guerra en Ucraína puxeron en perigo os avances vinculados aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Aínda que, nos últimos anos, se lograron algúns progresos en relación cos ODS, non son suficientes. O ritmo actual tería que cuadruplicarse xa que, como se destaca no informe, o mundo atópase ao borde dunha grave catástrofe climática debido ao aumento das ondas de calor, as secas, as inundacións e os incendios

forestais apocalípticos. Ademais, os compromisos voluntarios que asumiron os países non son alentadores. Estes tenden a un incremento de case o 14% das emisións de gases de efecto

invernadoiro para 2030, en lugar da gran redución de emisións que se necesita para limitar o quecemento global e alcanzar o obxectivo de 1,5°C establecido no Acordo de París.



Fonte e imaxe: ONU Medio Ambiente

Cepesca envía a reciclar 18 toneladas de redes retiradas do mar

Cepesca (Confederación Española de Pesca) conseguiu retirar máis de 18 toneladas de redes para a súa reciclaxe a través do proxecto Reduse-II, que levou a cabo durante oito meses en oito portos: Cala Rajada e Ibiza (Balears), Celeiro e Ribeira (Galicia), Luanco (Asturias), Santander (Cantabria) e Carboneras e Sanlúcar de Barrameda (Andalucía) e en dúas empresas pesqueiras do litoral español. Así mesmo, unha das dúas empresas coordinadoras foi a galega JJ Chicolino. O principal obxectivo deste proxecto foi promover a economía circular para alargar a vida útil dos aparellos do sector pesqueiro mediante a implantación dun modelo de xestión responsable deste tipo de residuos. En paralelo, realizáronse accións de formación dirixidas aos actores



implicados. Á vez, tamén se analizaron e validaron datos de varios pilotos, elaborando unha proposta de estratexia destes residuos expansiva a portos e entidades.

Fonte: naucher.com
Imaxe: Pixabay



Receitario

Segunda vida para as sobras da coliflor

En plena tempada da coliflor, esta receita de aproveitamento pareceunos unha excelente opción para darlle unha segunda vida aos restos que nos poidan quedar das típicas preparacións de Nadal (pensemos no rico bacallau con coliflor da Noiteboa), e cos que moitas veces, non sabemos que facer...

Ésta é unha receita que, de novo, extraemos do libro editado polo Penal de Monterroso, "[Sabroso reciclaje](#)" no que tedes moitas máis preparacións para aproveitar as sobras de comida! Xa sabedes, compartide con nós fotos das vosas propostas creativas e "recicladas" en [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#) ou etiquetádenos!

Coliflor dubarry



Ingredientes reciclados

- Sobras de patacas e coliflor
- Xema de ovo



Outros ingredientes

- Queixo
- Maionesa



Elaboración:

1. Picar a coliflor cocida e repartila nun molde.
2. Por encima, poñer o queixo e meter no forno para gratinar.
3. Mentres, preparar un revolto coa xema do ovo, maionesa e a pataca sobrante, co que despois adornaremos o prato!

UNS CONSELLOS DE CONSERVACIÓN! A coliflor pertence á familia das crucíferas coma o brócoli ou a col. A súa forma de conservación é similar. Hai que gardar a verdura sen lavar e en bolsas de plástico perforadas nos caixóns superiores da neveira, os menos fríos. Para conxelala haina que escaldar un mínimo de 3 minutos.

